

“A carta aberta á liberdade” invita a coñecer a realidade que sofren moitas mulleres. A autora é unha muller marinense, supervivente da violencia de xénero. A carta pon en valor o seu proceso de superación do maltrato, mostrando a súa evolución ata a actualidade, chea de ilusións e proxectos persoais, posible gracias ao seu esforzo e traballo persoal e terapéutico. Non só fala da súa experiencia, senón que continuamente se dirixe a vós cunha mensaxe de esperanza, para que a súa experiencia actúe como aviso e non normalicedes comportamentos violentos nas vosas relacións. Deixamos nas vosas mans a carta para que reflexionedes sobre a vosa contorna, sobre as vosas relacións e sobre a vosa propia vida.

CARTA ABERTA Á LIBERDADE

Hoxe quero facer algo por ti, quero presentarche a túa liberdade...

Nunha ocasión o meu agresor díxome: voute matar dunha maneira tan atroz, que a noticia vai percorrer todo o mundo. Quero facer xusto o contrario, que a miña supervivencia chegue a todos os oídos. Necesito contarche que está equivocado, que a vosa historia de medo ten final feliz, que che mente cando che di que para ti non hay nada mais. Lébraste cando eras libre? Lembras os teus proxectos? Como soñabas cunha vida tan distinta? Todo canto soñabas está ao outro lado do medo.

Na miña historia hai noites de facerme a durmida, hai momentos nos que pensei “esta é a miña hora”, hai momentos nos que só me preocupaba que alguén atopase o meu corpo algún día, que a miña familia soubese como acabei así e quen o fixo. Eu, coma ti, ocultaba o que sucedía na miña preciosa casa, que de portas adentro era a casa dos horrores. Nunha situación así, o futuro témolo vendido, necesitamos actuar hoxe. Non hai tempo, mañá non vai a ser mellor, non está pasando un mal momento, non necesita comprensión, non é a túa responsabilidade. O problema está nel. Sal de aí, mañá alguén estará chorando por ti. Tamén quero dicirvos, que se as persoas que me estades escoitando, non vivides unha situación así, pero coñeces alguén, podedes pedir axuda de forma anónima, que existen

mil recursos que os agresores se encargan de que a súa vítima non saiba. Desde o momento en que alguén di o que lle sucede, unha nova vida empeza, un camiño lento, con certa inclinación, como calquera novo inicio na nosa vida, temos que desfacernos dese medo que tan adentro nos meteron na nosa historia. Esa e a primeira pedra da nosa nova casa.

O consello máis importante para minimizar riscos, é interiorizar que ese cambio de vida é total, que non hai nada mais que falar con esa persoa, nin máis citas, nin segundas oportunidades, porque as segundas oportunidades poden matar. Non te compadezas, el é un cazador, se te compadesces vai aproveitar esa ocasión.

Estou francamente orgullosa das persoas que se encargan da nosa protección, fan que a transición sexa acompañada, máis segura, máis decisiva e acompañánnos nesa construción da nosa nova casa. Pedra a pedra, temos que facer unha construción firme, leva tempo, leva esforzo, pero a recompensa é enorme.

Cando eu din este paso, cando quixen construír a miña nova casa, ninguén puxo en dúbida a miña historia, ninguén me mirou con pena, ninguén me xulgou, abríronseme mil portas, tendéronme moitas mans, salváronme a vida e devolvéronme a liberdade, esa que veño a presentarvos. Tiven que aprender a distinguir o medo real, do medo que aprendín a sentir. Tiven que aprender a convivir cos sobresaltos, coa protección, pero xamais me arrepentín, o medo distorsiona a liberdade, límitaa e coarta a nosa felicidade. Véncea, esfórzate por construír a tua propia vida, e mira a vida do outro lado, comigo e con tantas persoas que xa están do outro lado do medo. Calquera che pode dicir que non foi fácil, pero que a recompensa e inmensa e que xamais volverían atrás. Eu volvinme intolerante ós berros, ás portadas, ás discusións... non sei como puiden convivir así. É unha historia de medo. Deste lado somos moitas, pero queremos máis, queremos a todas, libres e vivas, con sorrisos e liberdade.

Antes de que comenzase a miña historia de medo, vía todos os días nas noticias, as historias de medo doutras persoas, e parecíame algo moi lonxe, incluso pensaba que ata chegar a ese punto, aparecerían mil sinais, que era algo que se vía vir, e que se podía evitar. É xusto o contrario, cando me sucedeu a min, nin o vin vir, nin o puiden evitar, tardei moito en comprender e en poñerlle nome ao que estaba vivindo, deime conta do fácil que é caer nunha situación así. Oxalá alguén me contase o gran segredo que veño a contar aquí.

Todos os recursos que hai para terminar con esa situación que probablemente algunha de vos teña na casa, podes facer da túa casa un refuxio, nunca máis ten que ser un lugar onde sintas que en calquera momento alguén vai sufrir algo malo. Eu son ti, pero un ano despois. Actúa hoxe, e pronto poderás facer por alguén o que eu trato de facer hoxe por ti.

Quero, tamén, contarche como é a miña vida agora. Como xa che dixen, a miña historia de medo ten final feliz. Igual que terá a túa, anque el non quere que o saibas. Na miña casa non teño medo, deixei de medir cada palabra, cada movemento, deixei de ser esa nena perfecta, submisa, atenta, que sorrí cando ten medo con lágrimas nos ollos... por se se volve enfadar. Adícome a min, retomei os estudos, rodéome de sorrisos, non podo parar de dar as gracias por cada xesto de cariño. Refíxen a miña vida, quitei as gafas de medo e puxen as gafas da ilusión. A túa liberdade é preciosa, a de tua nai, a de tua irmá, a de túa amiga... Quixera darvos a man, e acompañarvos no voso camiño. Pensar que isto pode axudar, debúxame outro sorriso, a máis grande deste novo ano da miña nova vida. Ven coñecer a túa liberdade, está ao outro lado do medo. Tedes recursos no CIM, no 016, na comisaría, no xulgado, na Xunta de Galicia, no Goberno de España... Hai moita xente con nós, son eles os que están sós.

25 de novembro de 2020

S.M.